



INFORME SOBRE A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA POLA ADMINISTRACIÓN LOCAL EN EXERCICIO DE COMPETENCIA PROPIA

Ante as dúbidas xurdidas sobre as competencias da administración local no que respecta á función normalizadora da lingua galega e a forma en que pode incidir a lexislación vixente en materia lingüística, cómpre informar o seguinte:

I. LEXISLACIÓN APLICABLE EN MATERIA DE LINGUA GALEGA

- Estatuto de Autonomía de Galicia. Artigo 5
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Artigos 4, 6, 11 e 25.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Artigo 7.
- A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias en materia de lingua galega, correspondéndolle concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 4 que:

“o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma”.

O artigo 6 desa mesma lei afirma que:

“os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma.”

.....

“os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

...

A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego”

As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas por esta lei.”



O artigo 11 tamén dispón que:

“nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autónoma e local considerarase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais”.

E o artigo 25 afirma que:

“o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

Por outra parte, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece no seu artigo 7 que:

“o galego, como lingua propia de Galicia, o é tamén da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito no nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega.

....

A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.”

Por maior abastanza a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992, ratificada polo Estado español mediante o Instrumento de ratificación publicado no *Boletín Oficial do Estado* núm. 222, do 15 de setembro de 2001, tamén establece, no seu artigo 10.2, que as autoridades locais se comprometen a permitir e a fomentar o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no marco da Administración local e, en concreto, nas solicitudes, nos textos oficiais, nos debates das súas asembleas e na toponimia, así como do resto de actividades que as administracións realicen por si mesmas ou por terceiros interpostos para a prestación dos servizos públicos garantidos, segundo se establece no parágrafo 3 deste mesmo artigo.

Por último, o Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:



“É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.”

Polo exposto, tanto a Xunta de Galicia como as entidades locais de Galicia teñen atribuídas competencias en materia de normalización lingüística.

II. A COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A LOCAL: A REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (RDL)

Con independencia do anterior, a Secretaría Xeral de Política Lingüística é consciente da necesidade de promover a coordinación en materia de dinamización lingüística entre as diferentes entidades e administracións, e con tal motivo está a desenvolver liñas de actuación e medidas para aumentar a efectividade das actuacións dinamizadoras dirixidas á sociedade.

A Administración local constitúe unha vía de dinamización lingüística prioritaria, por tratarse da organización administrativa que máis próxima e directamente lle transmite a acción pública á cidadanía. Permite a aplicación de medidas de intervención directa na presenza social da lingua de forma uniforme, atende á poboación e ao territorio e favorece tamén a planificación individualizada para cada zona, segundo as particularidades sociolingüísticas destas.

De acordo co exposto, a Xunta de Galicia creou en 2010, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Rede de Dinamización Lingüística (RDL), dirixida a fomentar a dinamización e a cooperación entre as distintas entidades locais, coa finalidade de potenciar o proceso de extensión do uso do galego de xeito coordinado e planificado. A RDL busca favorecer a colaboración e a acción conxunta e coordinada entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as entidades locais integradas nesta rede, e a súa creación respondeu á necesidade, constatada por todas as institucións, entidades e asociacións implicadas na normalización lingüística do galego, de establecer unha nova dinámica de traballo para promover a dinamización lingüística.

Precisamente entre os obxectivos mencionados de xeito explícito pola Rede de Dinamización está o de “facilitar o intercambio de experiencias e a suma de esforzos, así



como evitar duplicidade de tarefas semellantes entre diferentes administracións e outras organizacións que actúan na promoción do uso da lingua galega". Outros obxectivos incluídos son o de "compartir unha planificación lingüística que defina estratexias básicas comúns en todo o territorio de Galicia", "incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen á cidadanía" ou "compartir unha planificación lingüística que defina estratexias básicas comúns en todo o territorio de Galicia".

A adhesión á RDL, que non ten ningún custo, dálles ás administracións locais acceso a programas e actividades de tipo social, educativo, cultural, lúdico etc., axustados á realidade de cada un dos municipios e destinados a promover o uso da lingua.

A RDL tamén se presenta como un ámbito de axuda e asesoramento para desenvolver a dinamización da lingua no municipio, e facilítalles ás administracións locais o acceso a un programa estable de formación en lingua galega para adultos, por medio de cursos que garantan a capacitación en lingua galega de toda a poboación.

Non convén esquecer, ademais, que para cumprir os obxectivos da rede e apoiar as entidades locais de Galicia no labor de normalización lingüística das súas estruturas administrativas e de prestación de servizos lingüísticos que demanda a cidadanía, a Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca cada ano axudas económicas co fin de reforzar e posibilitar a prestación dos devanditos servizos na maior parte do territorio galego.

A colaboración entre a administración autonómica e a local constitúe, pois, unha liña estratéxica consolidada no labor común de protexer e promover a lingua propia de Galicia.

Actualmente forman parte da Rede de Dinamización Lingüística 188 entidades diferentes, das cales 171 son concellos.

III. EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DAS ENTIDADES LOCAIS

O artigo 7 da Lei 7/1985, de 7 de abril, de Bases de Réxime Local establece respecto das competencias locais o seguinte:

- 1. As competencias das entidades locais son propias ou atribuídas por delegación.*
- 2. As competencias propias dos municipios, as provincias, as illas e demais entidades locais territoriais só poderán ser determinadas por lei e exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais administracións públicas.*
- 3. O Estado e as comunidades autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nas entidades locais o exercicio das súas competencias. As competencias delegadas exércense nos termos establecidos na*



disposición ou no acordo de delegación, segundo corresponda, con suxeición ás regras establecidas no artigo 27, e preverán técnicas de dirección e control de oportunidade e eficiencia.

4. As entidades locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra administración pública. Para estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da administración competente por razón de materia, en que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

En todo caso, o exercicio destas competencias deberase realizar nos termos previstos na lexislación do Estado e das comunidades autónomas.”

•

No ámbito autonómico, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, regúlase entre outras cuestións a forma de apreciación da existencia ou inexistencia de duplicidade na prestación de servizos ou a realización de actividades e remítase a apreciación da sustentabilidade financeira ao disposto na normativa estatal.

Máis concretamente, o artigo 3 da lei, denominado “*Competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación*”, afirma o seguinte:

“1. O exercicio de novas competencias polas entidades locais que sexan distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontre delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra administración pública.

2. Para os efectos deste artigo, entenderase por exercicio de novas competencias os procedementos que se inicien para o establecemento de servizos de nova planta consonte o artigo 297.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de



Galicia, así como a modificación dos servizos xa establecidos para a realización de novas actividades prestacionais, cando non constitúan desenvolvemento, execución ou non tendan á consecución dos fins das competencias atribuídas como propias ou das competencias que se exerzan por delegación.

Así mesmo, entenderase como exercicio de novas competencias o exercicio da actividade de fomento polas entidades locais mediante o establecemento de subvencións cando non constitúan desenvolvemento, execución ou non tendan á consecución dos fins das competencias atribuídas como propias ou das competencias que se exerzan por delegación.

3. En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

(...)

4. Para os efectos indicados na alínea 1 deste precepto, con carácter previo ao inicio das novas competencias, serán preceptivos os informes previos da administración competente por razón da materia, en que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Consellería de Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas, sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

Cando a administración competente por razón da materia sexa a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o informe sobre a inexistencia de duplicidades será emitido pola consellería competente en materia de administración local logo de consulta á consellería competente por razón da materia.”

Por último, o artigo 6 da Lei 5/2014, titulado “*Solicitud de informes competencia da Administración autonómica*” afirma o seguinte no seu terceiro punto:

3. Poderanse inadmitir as peticións de informe pola consellería competente en materia de administración local se da documentación remitida ou dos antecedentes de que dispoña a Administración autonómica resulta que non se dan os presupostos previstos no artigo 3 para a solicitude de informe e, en particular, cando non se trate do exercicio



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
Enderezo-e: administracionlocal@xunta.es

galicia

de novas competencias ou servizos, da normativa vixente se deduza que a competencia está atribuída como propia á entidade local pola lexislación do Estado ou da comunidade autónoma, ou se delegase o seu exercicio.”

De conformidade con todo o exposto, e tendo en conta que as entidades locais galegas comparten coa Xunta de Galicia o mandato legal de promover a normalización da lingua galega, e que estas a veñen desenvolvendo e a teñen atribuída con anterioridade á entrada en vigor da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, infórmase de que a prestación do servizo de normalización lingüística polas entidades locais galegas non require da emisión do informe de duplicidade nin sustentabilidade financeira tal como esixe o artigo 3 da citada Lei 5/2014 para o caso de exercicio de novas competencias distintas das propias, e todo iso con independencia de que a Xunta de Galicia está a realizar desde o ano 2010 a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística actuacións para promover a normalización lingüística no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a Rede de Dinamización Lingüística (RDL).

PROPÓN

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local
(Documento asinado electronicamente)

Ascensión Labella Lozano

De acordo coa proposta formulada pola subdirección xeral, INFORMO:

A directora xeral de Administración Local
(Documento asinado electronicamente)

Marta Fernández-Tapias Núñez